

OFERTA EDUCATIVA 2021-2022

CASA
DAS CIENCIAS

DOMUS

AQUARIUM
FINISTERRAE



EXPOSICIÓNS

novο




EXPLORATORIUM

Novos módulos interactivos para sorprenderte, investigar efectos singulares e facerte preguntas e aprender a buscarlles resposta. Vívete en primeira persoa fenómenos relacionados coa luz, as ondas sonoras ou as forzas magnéticas



A ASTRONOMÍA COMO CHA CONTAN

Meteoritos, fósiles de dinosauro, fragmentos dunha nave espacial soviética ou dos paneis do telescopio espacial Hubble, nesta exposición sobre a forma en que asimilamos novas de astronomía a través dos medios de comunicación.



PURO SWING

Unha mostra sobre péndulos cos que xogar e aprender a facer música, randearse dun xeito diferente ou sentir no teu corpo as propiedades dos sistemas caóticos. Ademais dunha explicación do funcionamento do famoso botafumeiro.



PROGRAMAS DE PLANETARIO

NOVO



VIAXANDO COA LUZ

Un percorrido pola importancia da luz para a vida e a astronomía. O Sol proporciona a enerxía, a luz e a calor que fan posible a vida na Terra, pero os humanos tamén aprendemos a utilizar o lume e, hoxe en día, moitas outras fontes de luz artificial.

Duración: 30 minutos.
Idade: maiores de 6 anos.



LÉVAME Á LÚA


A chegada á Lúa é un dos fitos científico-tecnolóxicos que máis pegada deixou na historia da humanidade. Este programa profunda no coñecemento do noso satélite, o astro ao que sen dúbida máis miramos e admiramos do noso ceo.

Duración: 45 minutos.
Idade: maiores de 6 anos.

A NOITE É NECESARIA

A oferta escolar mantén este programa sobre os efectos da excesiva iluminación das nosas cidades, desde a perda do ceo nocturno ata o seu impacto sobre a factura da iluminación pública, os ecosistemas nocturnos ou nosa propia saúde.

Duración: 30 minutos.
Idade: maiores de 10 anos.



ASTRONOMÍA EN DIRECTO

Unha sesión de planetario que comeza coa explicación dos astros máis notables que se poden observar no ceo na época da visita, para despois convidar a expor preguntas nunha conversación ilustrada con todos os recursos audiovisuais do planetario.

Duración: 45 minutos.
Idade: adaptada a calquera idade.



DISPOÑEMOS DOUTROS PROGRAMAS QUE SE PODERÁN ELIXIR NO MOMENTO DE FORMALIZAR A RESERVA.



EXPOSICIÓN

Bocados

Unha exposición sobre a nutrición e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Todas as persoas teñen dereito a unha alimentación adecuada. Por este motivo os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU comprométenos para actuar a favor de cambios globais e integrados que permitan poñer fin á fame e á malnutrición antes de 2030. Esta exposición aborda temas que van desde a vida urbana e a educación ata o acceso á auga, a saúde ou a igualdade de xénero. Os ODS son 17 obxectivos que están relacionados, de forma directa ou indirecta, coa nutrición.

Unha boa nutrición constitúe a base para garantir o benestar e o potencial humano. Non é só un produto do desenvolvemento, senón tamén a semente que posibilitará un futuro mellor. O reto é pensar en global e actuar en local para a transformación cara a unha nutrición, e un mundo, máis sostibles.





CINEMA

CLAQUETA CIENTÍFICA

É un programa audiovisual que convida o público escolar a descubrir o cinema producido polos nosos científicos e científicas e o que nos contan sobre a ciencia. Cada mes poderase asistir a unha selección diferente de tres curtas científicas, que incluírán temas relacionados co medio ambiente, a investigación de fósiles ou a vocación científica, entre moitos outros.

Estes son os títulos que se ofrecerán:

GRATUÍTO



DESCOBRE CON TADEO Mediaset e FECYT

Tadeo Jones é un guía ideal, entrañable, divertido e popular que nos mostra o traballo que realizan os centros de investigación en España. O intrépido explorador, protagonista da película de animación máis taquilleira da historia do cinema español, viaxará a diversos enclaves nacionais como as Covas de Altamira, o Parque Natural de Doñana, a Serra de Atapuerca, o Buque de Investigación Oceanográfico ou o Gran Telescopio de Canarias, entre outros.

Duración: 20 minutos.
Nivel educativo: Educación Primaria.



EN BUSCA DO PRIMEIRO EUROPEO Alfonso Par, Lluís Quevedo

Narra unha viaxe científica chea de humor e aventuras, no que Lluís Quevedo dá vida a un mozo que busca respostas e Eudald Carbonell, científico e codirector dos xacementos de Atapuerca, a un eminente arqueólogo ao máis puro estilo Indiana Jones. O documental recibiu numerosos premios, entre eles o premio Prismas Casa das Ciencias.

Duración: 52 minutos.
Nivel educativo: Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos



WILMED, O ÚLTIMO BOSQUE MEDITERRÁNEO Arturo Menor

É un documental sobre os bosques de serra Morena, un dos espazos naturais con maior singularidade de Europa. O maior bosque mediterráneo do mundo, cunha superficie dun millón de hectáreas, onde aínda voan as heráldicas aguias imperiais, campea o mítico lobo e caza o lendario lince ibérico. **Premio Prismas Casa das Ciencias e 8 candidaturas aos premios Goya no ano 2015.**

Duración: 50 minutos.
Nivel educativo: Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.



ACTIVIDADES E TALLERES

LABORATORIO ABERTO

Un espazo para vestir a bata de laboratorio, poñerse as lentes de seguridade e manexar os instrumentos que utilizan os científicos e científicas no seu día a día, desde micropipetas a centrifugadoras, pasando por axitadores, básculas, tubos e moito máis.

Ofrécense os seguintes talleres:

PCR

NOVO

Investigamos a escena do crime. Experimentando coa técnica da PCR (reacción en cadea da polimerasa), o alumnado poderá simular a elaboración de perfís de ADN tal e como se realizan habitualmente nos laboratorios forenses.

Duración: 2 horas e media.
Nivel educativo: 4º de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos.

Como se desenvolven os fármacos?

Para participar na síntese dun novo fármaco que se está investigando para o Parkinson.

Duración: 2 horas.
Nivel educativo: Educación Secundaria (3º e 4º ESO), Bacharelato e Ciclos Formativos.

Xperimenta coas flores

Cada estudante realizará a súa propia disección de flores con todo o equipo científico que se utiliza ao investigar a natureza.

Duración: 1 hora.
Nivel educativo: 3º a 6º de Educación Primaria.

NOVO

Diseccións en directo

Duración: 1 hora.
Nivel educativo: Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e Ciclos Formativos.

Bocados

NOVO

Un taller para descubrir a nutrición desde un novo punto de vista. Exploraremos os cereais, faremos cociña molecular e aceptaremos o reto dun concurso moi saboroso.

Duración: 1 hora e media.
Nivel educativo: 5º de Educación Primaria a 4º de ESO.

Artistas da prehistoria

Un taller no que converterse nun artista prehistórico e coñecer os materiais, técnicas e temas favoritos dos nosos antepasados.

Duración: 1 hora e media.
Nivel educativo: Educación Primaria (3º a 6º) e Educación Secundaria (1º e 2º).

ExploraDomus Escola

A cociña é un laboratorio de ciencia! Un taller para explorar a ciencia máis próxima.

Duración: 1 hora e media.
Nivel educativo: Educación Primaria (1º e 2º).



ACTIVIDADES E TALLERES

maker @ domus

É o espazo da Domus para experimentar a cultura “maker” e facer tecnoloxía con materiais sinxelos e moita imaxinación. Unha oportunidade única para “pensar coas mans”.



circuitos@domus

Un taller para experimentar con baterías, lámpadas, timbres, interruptores, e moitos outros compoñentes eléctricos, para comezar a comprender o mundo da electricidade, así como crear conexións eléctricas entre obxectos cotiáns e descubrir outras moi sorprendentes.

Martes, de 11:00 a 12:30.

Duración: 90 minutos.

Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO.




robots_garabateadores@domus

A proposta é que o alumnado invente o seu propio dispositivo a motor que se mova das formas máis inesperadas e debuxe garabatos increíbles. Construírse con elementos moi sinxelos e un motor que, ao vibrar, fai que o robot se mova pintando curiosos trazos.

Martes, de 11:00 a 12:30.

Duración: 90 minutos.

Nivel educativo: 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO.



electrónica_textil@domus

Fabrica unha pequena peza de tecnoloxía que podes vestir nunha festa ou cando ti queiras. Cose con fío condutor e usa outros materiais sofisticados para poder darlle á túa creación o aspecto que máis che guste.

Martes de 11:00 a 13:00.

Duración: 120 minutos.

Nivel educativo: 1º, 2º, 3º y 4º de ESO.



autómatas_de_cartón@domus

Deseña e constrúe un mecanismo que che axude a contar unha historia. Explora e mellora as túas habilidades mecánicas e artísticas para facelo máis sofisticado e que se adapte máis ao relato que imaxinas.

Martes de 11:00 a 13:00.

Duración: 120 minutos.

Nivel educativo: 5º y 6º de Primaria; 1º, 2º, 3º y 4º de ESO.



EXPOSICIÓN

SALA MAREMAGNUM

Ademais de grandes acuarios contén decenas de elementos museísticos que propoñen experiencias interactivas. Seguimos renovando os seus contidos, como o tanque cilíndrico e a Oceanosfera (proxector esférico dixital que permite simular fenómenos naturais a escala planetaria).



SALA HUMBOLDT

SEXO AZUL

Presenta unha selección curiosa e divertida de especies que representan a variedade de estratexias reprodutivas dos animais acuáticos. Está formada por 20 módulos que inclúen dez acuarios nos que se mostran peixes e invertebrados mariños especialmente elixidos.



SALA NAUTILUS

Está mergullada nunha gran piscina de cinco millóns de litros de capacidade e a súa decoración lembra a do gabinete do capitán Nemo a bordo do Nautilus. Ao redor da sala nadan os peixes de maior tamaño do acuario, como as quenllas, corvinas, seriolas, douradas, robalizas e meros. Tamén hai bancos de xardas e xurelos.



SALA ISABEL CASTELO

FOTÓGRAFOS DA NATUREZA

Contén as fotografías galardonadas na última edición do concurso *GDT European Wildlife Photographer of the Year*. Inclúe imaxes que deixan abraiados pola beleza da natureza e mostran como tratamos e maltratamos esa mesma natureza; simultaneamente recórdannos a urxencia de protexela.



EXTERIORES

Neles expónse a âncora do petroleiro Mar Exeo, que o 3 de decembro de 1992 encallou fronte á Torre de Hércules provocando unha marea negra; e nas piscinas viven tres machos e nove femias de *Phoca vitulina*.



ACTIVIDADES E TALLERES

Os grupos escolares poderán reservar una visita libre ao Aquarium ou complementala con algún dos nosos itinerarios e talleres.

TALLERES

Coñecendo as quenllas

Utilizando vídeos, instrumentos científicos e recursos dixitais preséntanse aspectos curiosos da bioloxía dos peixes e invertebrados mariños do Aquarium.

Duración: 30 minutos.
Nivel educativo: Educación Secundaria.



As focas do acuario

Coincidindo co momento en que se dá comer ás focas, impártense charlas sobre as características destes mamíferos mariños e sobre o adestramento.

Duración: 30 minutos.
Nivel educativo: Todos os niveis educativos.
Grupos de 25 persoas como máximo.



Veñen os peques

Os grupos terán a posibilidade de reservar una visita guiada e adaptada ao seu nivel, po los nosos espacios expositivos.

Duración: 90 minutos.
Nivel educativo: Educación infantil.
Grupos de 50 persoas como máximo.



Mundo submarino

Os grupos poderán iniciar a súa visita cun itinerario polos acuarios da sala Maremagnum e rematar cunha visita a sala Nautilus.

Duración: 90 minutos.
Nivel educativo: Educación primaria.
Grupos de 50 persoas como máximo.



Viaxe ao Nautilus

Os grupos poderán complementar a súa visita cunha charla sobre as especies que habitan o maior tanque do acuario

Duración: 45 minutos.
Nivel educativo: Educación secundaria e bacharelato.
Grupos de 50 persoas como máximo.

ITINERARIOS

NORMAS XERAIS VISITAS

PREZOS

COMO RESERVAR?

- As persoas do grupo escolar maiores de 4 anos levarán en todo momento máscara durante a visita e respectarán unha distancia de dous metros respecto de calquera outro visitante ou persoa traballadora do museo.
- Se hai algunha persoa con exención de máscara, o responsable do grupo escolar deberá informar o museo con antelación.
- Ao acceder ao museo, a persoa responsable do grupo dirixirase a recepción para a organización da visita. Mentres tanto, o grupo deberá permanecer no exterior ou no espazo indicado polo persoal de atención ao público.
- O persoal docente acompañante será o responsable do cumprimento das normas de visita aos Museos Científicos Coruñeses.

PREZOS

NORMAS
XERAIS
VISITAS

COMO
RESERVAR?

TARIFA VISITAS	CONDICIÓN	CENTRO	PREZO
COTA ESPECIAL	Só para grupos con reserva previa nalgún destes casos: A Coruña Grupos de centros educativos do Concello da Coruña. Xaneiro + Febreiro Grupos que nos visiten nos dous primeiros meses do ano. Amigos Se o centro escolar é socio da Asociación de Amigos da Casa das Ciencias.	Casa das Ciencias	0 €
		Planetario	0 €
		Domus	0 €
		Aquarium Finisterrae	0 €
TARIFA REDUCIDA	Os grupos escolares sen cota especial, pero con reserva.	Casa das Ciencias	1 €
		Planetario	1 €
		Domus	1 €
		Aquarium Finisterrae	4 €
GRATIS TOTAL	En ningún caso pagan entrada. ○ Profesorado , se acompañan a un grupo escolar ou se van debidamente acreditados. ○ alumnado con discapacidade física e psíquicas . ○ Os grupos nos que o profesorado asista a unha reunión de preparación da visita.	Casa das Ciencias	0 €
		Planetario	0 €
		Domus	0 €
		Aquarium Finisterrae	0 €

COMO RESERVAR?

NORMAS
XERAIS
VISITAS

PREZOS

1

Escolle as visitas e/ou actividades que queres levar a cabo co teu grupo escolar nos Museos Científicos Coruñeses.

2

Enche a folla de reserva que podes descargar nesta páxina.

↓ Folla de reserva (galego)

↓ Folla de reserva (castelán)

3

Envíanos a folla de reserva correspondente cuberta a través dalgún destes medios:

✉ reservas@casaciencias.org

📠 Casa das Ciencias: 981 189 847

Domus: 981 189 841

Aquarium Finisterrae: 981 189 843

!

**A RESERVA SÓ QUEDARÁ
FORMALIZADA CANDO
COMUNIQUEMOS A
CONFIRMACIÓN DO
NÚMERO EXACTO DE
PRAZAS RESERVADAS, A
DATA OU DATAS DE VISITA E
O PROGRAMA DETALLADO.**



Máis información

✉ reservas@casaciencias.org

📞 981 189 848